

Rede de Saúde

Sumario de recomendacións

PROCEDIMENTO DE EXTRACCIÓN DE SANGUE VÍA VENOSA FEMORA

Procedimentos de enfermería: muestras de sangre e fluidos

XUNTA DE GALICIA

PROCEDIMENTOS DE ENFERMERÍA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Sanidade

Servizo Galego de Saúde

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela 2015

DATA DE ELABORACIÓN: Xullo 2013.

EDITA: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

LUGAR: Santiago de Compostela.

ANO: 2015.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: everis Spain, S.L.U.

AUTORES

Boado Martínez, Margarita, supervisora de M. Interna, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Castro Fernández, M.^a Isabel, subdirectora de Enfermería. Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Coutado Santomé, M.^a Jesús, supervisora de Maternidade/Pediatria, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Fernández Álvarez, M.^a del Carmen, supervisora de Cirurxía, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Hermida Coto, Raquel, supervisora de Traumatoloxía, Hospital de Monforte. EOXI, Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Martínez López, M.^a Ángeles, supervisora de Calidade, Hospital de Monforte. EOXI, Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Pérez Rodríguez, M.^a Teresa, supervisora de Especialidades, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Vázquez López, Carmen, Supervisora de Laboratorio, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.



Xunta de Galicia. 2015. Procedementos de enfermería

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<http://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicaciones-da-Organización>

Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial–CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

1	XUSTIFICACIÓN	/ 6
2	DEFINICIÓN S, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE	/ 7
3	OBXECTIVO	/ 8
	Obxectivo xeral /	
	Obxectivos específicos /	
4	ÁMBITO DE APLICACIÓN	/ 8
	Diagnósticos de enfermería relacionados	
	Poboación diana	
	Profesionais aos que va dirixido	
	Ámbito asistencial de aplicación	
5	DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO	/ 9
	5.1 Medios materiais /	9
	5.2 Procedemento /	9
	5.3 Observacións /	11
	5.4 Rexistros /	11
	5.5 Avaliación e seguimento /	12
6	RESPONSABILIDADES	/ 12
7	REFERENCIAS	/ 12
8	BIBLIOGRAFÍA	/ 12
	Bibliografía referenciada /	12
	Bibliografía consultada /	13
9	ANEXOS	/14

1

XUSTIFICACIÓN

Este procedemento pretende documentar as accións que se van realizar para diminuir a variabilidade na realización da técnica e mellorar a seguridade do paciente incorporando a mellor evidencia existente. A protocolización da extracción de mostras venosas responde á necesidade de dispoñer documentalmente de pautas de actuación, co fin de proporcionar unha asistencia que evite repetición de extraccións por mostra inadecuada ou por mala identificación das mostras.

Diariamente realizanse moitas extraccións de sangue venoso en todos os centros do Servizo Galego de Saúde, tanto de atención primaria como hospitalaria, para a determinación de valores analíticos en sangue venosa con fins diagnósticos ou de control da saúde.

A análise de sangue venosa é unha proba de grande utilidade para establecer o diagnóstico de determinadas enfermidades, vai permitir coñecer os niveis de fármacos, a presenza de microorganismos infecciosos, a función de certos órganos... todo isto é importante de cara a establecer un tratamento e uns coidados axeitados ao paciente.

2

DEFINICIÓN, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE

Definicións /

Extracción de sangue venoso - punción dunha vea para a extracción dunha mostra sanguínea.

Actualmente é de emprego xeneralizado o sistema de extracción con tubos de baleiro. A rexión utilizada para a venopunción adoita ser a fosa antecubital ¹

Tubo de baleiro - tubos predeterminados para encherse con un determinado volume de sangue por baleiro. O tapón de caucho está codificado por cor, de acordo ao seu uso ou aditivos ². Poden ser de material plástico ou de vidro.

Campá (porta tubos) - permitirá conectarse ao pavillón de rosca do adaptador con agulla ou agulla con aletas para extracción sanguínea por baleiro.

Abreviaturas /

ACO: tratamiento anticoagulación oral.

CDC: centros para o control e a prevención das enfermidades (USA).

EDTA: etilen-diamino-tetra-acetato.

EOXI: estrutura organizativa de xestión integrada

GACELA: Gestión Avanzada de Cuidados de Enfermería Línea Abierta.

HICPAC: Comité Asesor de Prácticas Saudables para o Control de Infeccíons.

IANUS: historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

SERGAS: Servizo Galego de Saúde.

VSG: velocidade de sedimentación globular.

Palabras clave /

Extracción de muestras, muestra venosa.

~~3~~ OBXECTIVO

Obxectivo xeral /

Definir as accións que se van realizar para a obtención de mostras de sangue venosa de forma correcta.

Obxectivos específicos /

1. Reducir o número de erros na extracción e identificación das mostras venosas.
2. Envío das mostras ao laboratorio de forma correcta.

~~4~~ ÁMBITO DE APLICACIÓN



Diagnósticos de enfermería relacionados

Diagnóstico NANDA³

- 00004 Risco de infección.
- 00213 Risco de traumatismo vascular.



Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde nos que se realice unha extracción de mostra venosa.



Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación para os profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.



Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde en todos os casos nos que o paciente precise extracción dunha mostra sanguínea venosa.

5

DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO

5.1 Medios materiais /

- Luvas.
- Antiséptico.
- Compresor da vea.
- Contedor de obxectos punzantes.
- Etiquetas de identificación de paciente.
- Volante de petición analítica.
- Celulosa precortada.
- Esparadrapo e/ou apósitos.
- Tubos de baleiro (tipo e cantidad segundo probas solicitadas).
- Equipo de punción con portatabos: agulla con adaptador para extracción múltiple por baleiro, agulla con aletras. (ver anexo de imaxes).
- Xiringa e agulla 21 G, se procede.
- Xiringa de gasometría.
- Campá.

5.2 Procedemento /

- 1 - Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde, e comprobar que os seus datos corresponden co volante de petición e as etiquetas que identificarán os tubos.
- 2 - Respectar a intimidade do enfermo e gardar confidencialidade dos seus datos.
- 3 - Informar o paciente e/ou o coidador principal do procedemento que se vai realizar e solicitarlle a súa colaboración, se é posible, recalcar a súa utilidade, usar unha linguaxe comprensible e resolver as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos explicarles o procedemento aos pais (*Grao B*).
- 4 - Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
- 5 - Identificar os profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
- 6 - Comprobar as alerxias do paciente.
- 7 - Comprobar que o paciente seguiu a preparación indicada: xaxún....
- 8 - Colocar o paciente en posición adecuada/cómoda (sentado ou en decúbito supino) co

brazo elixido para a punción en hiperextensión, nunca realizar a extracción co paciente de pé. En nenos realizarase preferentemente en padiola/cama, para facilitar suxección/inmobilización da zona por parte do persoal e/ou familiar.

- 9 - Realizar hixiene das mans con solución hidroalcohólica (*categoría IA*) (*nivel de evidencia I*).
- 10 - Poñer luvas non estériles.
- 11 - Seleccionar a zona de punción na que se realizará a punción venosa tendo en conta o calibre e mobilidade da vea.
- 12 - Colocar o compresor de vea 7 ou 8 centímetros por enriba da zona de punción elixida durante un tempo non superior a un minuto (*nivel III*)⁴. Pedir ao paciente que manteña o puño pechado se é posible.
- 13 - Aplicar solución antiséptica (clorhexidina 2 % ou alcohol 70 %) e deixar secar (*nivel I*)⁴.
- 14 - Puncionar a vea con ángulo de 20º o 30º.
- 15 - Introducir os tubos de baleiro na campá de extracción, seguindo a orde recomendada, e premer co polgar ata perforar o tapón do tubo o que fluirá o sangue. É aconsellable afrouxar o compresor durante a enchedura dos tubos para evitar hemoconcentración.
- 16 - Encher os tubos ata a marca indicativa.
- 17 - Homoxeneizar os tubos con anticoagulante (mesturar suavemente invertendo o tubo) inmediatamente despois da extracción para evitar alteracións na mostra sanguínea.
- 18 - Pedir ao paciente que abra o puño.
- 19 - Retirar o compresor.
- 20 - Retirar o equipo de punción, accionando o sistema de seguridade si dispón del, desbotalo no contedor correspondente.
- 21 - Premer na zona de punción con celulosa protectora durante varios segundos e suxetar con esparadrapo/apósito, indicarlle ao paciente/familia que prema a zona durante uns minutos (3 a 5 minutos) mantendo o brazo estendido.
- 22 - Identificar os tubos correctamente.
- 23 - Cubrir o rexistro co nome e sinatura da enfermeira.
- 24 - Seguir as instrucións do centro para o correcto envío das mostras ao laboratorio.
- 25 - Quitar as luvas.
- 26 - Realizar hixiene de mans segundo protocolo (*categoría IA*) (*nivel de evidencia I*).
- 27 - Asegurarse de que o paciente se encontra ben tras a extracción da mostra.

5.3 Observacións /

- As zonas de elección para a extracción son as veas do pregue da fosa antecubital, en particular a vea cubital mediana e a vea cefálica.
- Identificar os tubos correctamente con información completa, sen borróns, sen perder a identificación durante todo o proceso. Debe deixarse ver sempre una ventá visible no tubo que permita observar as condicións nas que se recibe a mostra no laboratorio. Recoméndase aplicar as etiquetas encima das propias de fabricación do tubo. Se é un tubo transparente, sen etiqueta, tomar como referencia o tapón para pegar a etiqueta a partir do bordo inferior deste.
- En relación coa aplicación do compresor o tempo de éxtase venoso interfire con algunhas probas xa que contribúe a hemólise polo que o compresor debe aplicarse o menor tempo posible (non debe poñerse máis de 1 minuto) (*nivel III*)⁴.
- Recoméndase a educación e formación de competencias para os profesionais con responsabilidades na realización de puncións (*Grao B*)⁴.
- En pacientes a tratamiento con ACO recomendar prolongar o tempo de presión da zona de punción de un a tres minutos.
- Tubos estandarizados por parámetro e orde de extracción:
 - Sen aditivo e con xel: bioquímica.
 - Citrato: coagulación, VSG.
 - Heparina.
 - EDTA: hematimetría, Hb glicosilada.
 - Gasometría venosa. Para iso teremos que retirar primeiro a campá e conectar a xiringa de gases. Manter a mostra en frío e enviar inmediatamente ao laboratorio.
- O tempo transcorrido entre a extracción e a centrifugación dunha mostra non debería exceder unha hora. O tempo e a temperatura son claves nas xiringas heparinizadas xa que existe intercambio de gases. Deben procesarse de forma inmediata e, se non é posible, manter refrixerada a xiringa en todo momento.

5.4 Rexistros /

Realizaranse no aplicativo informático GACELA, IANUS, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade. Deberase anotar a realización da técnica (día, hora, tipo e numero de mostras extraídas), rexistro dos coidados do punto de punción e rexistro de complicacións se as houbese.

Rexistrar no plan de coidados do/a paciente as accións derivadas do procedemento.

5.5 Avaliación e seguimento /

O presente documento será actualizado no prazo de cinco anos ou cando a evidencia científica poida afectar ao recollido no procedemento.

~~6~~ RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.

~~7~~ REFERENCIAS

PG10 Aspectos preanalíticos en Urgencias. Laboratorio de Urgencias, Hospital de Monforte.

~~8~~ BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía referenciada /

1. *Extracción de sangre de vena periférica*. Hospital General Universitario Gregorio Marañón. <http://www.madrid.org/cs/Satellite?blobcol=urldata&blobheader=application%2Fpdf&blobheadername1=Content-disposition&blobheadername2=cadena&blobheadervalue1=filename%3DExtracci%C3%B3n+de+sangre+de+vena+perif%C3%A9rica.pdf&blobheadervalue2=language%3Des%26site%3DHospitalGregorioMaranon&blobkey=id&blobtable=MungoBlobs&blobwhere=1310577449658&ssbinary=true>
2. Manual de flebotomia Demar. <http://www.reactivosdemar.com.mx/docs/manuales/manual%20de%20flebotomia.pdf>
3. NANDA Internacional. *Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2009-2011*. Editado por T. Heather Herdman. Elsevier. 2010
4. Manual de Protocolos y Procedimientos Generales de Enfermería. Hospital Universi-

tario Reina Sofía. RD-6 extracción de sangre venosa. http://www.juntadeandalucia.es/servicioandaluzdesalud/hrs3/fileadmin/user_upload/area_enfermeria/enfermeria/procedimientos/procedimientos_2012/rd6_extraccion_sangre_venosa.pdf

Bibliografía consultada /

- Descripción de productos sanitarios con dispositivo de seguridad. Orde de 15 de setembro de 2008 do Servizo Galego de Saúde.
- "Extracción de sangre: revisión bibliográfica y recomendaciones". Martínez Sesma, A.; Gil Albiol, M. A.; Pérez Pejenaute, F. Nursing, ISSN 0212-5382, Vol. 26, n.º 6, 2008, pax. 62-64.
- *Protocolo IO-16 Obtención de muestra de vía periférica*. HULA.
- Instrucción para a toma e transporte de mostras. Hospital da Barbanza.
- Protocolo Extracción [*Venosa. - Hospital Regional Universitario Carlos Haya.*](#)
- www.carloshaya.net/chchaya/UGC/Laboratorios/.../PRO08A.pdf
- [*Toma de muestras sanguíneas - demar*](#)
- www.reactivosdemar.com.mx/docs/.../manual%20de%20flebotomia....
- [*Nure Investigación Nº 54 Septiembre - Octubre 2011 ... - Fuden*](#)
- www.fuden.es/.../PROTOCOLO/NURE54_protocolo_import....
- *Manual de Protocolos y Procedimientos de Enfermería*. Hospital Universitario Virgen de la Victoria Málaga.
- *Cateterismo Venoso*. Hospital "Verge dels Lliris". Alcon.
- *Rutina de Extracción de Sangre*. Asociación Española de Biopatología Médica. Extracción de Sangre. Procedimientos Especiales. Asociación Española de Biopatología Médica.



ANEXOS

Anexo I: Imaxes



/ Ángulo de punción correcto.



/ Agulla con ás (agulla de bolboreta) con sistema de seguridad.



/ Accionamento do sistema de seguridad da agulla con aletas.



/ Posición do brazo para premer a zona de punción.



/ Material para extracción de gasometría venosa con agulla con ás.



Asistencia Sanitaria

Procedimentos

48

D

FEMORA